**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO**
**13/MARZO/2001**

**SUMARIO**

**CORPORACIÓN:**

1.- DAR CONTA CONTA DA TOMA DE POSESIÓN DE D. JOSÉ RIESGO BOLUDA COMO SECRETARIO XERAL ACUMULADO.

2.- RENUNCIA Ó CARGO DE CONCELLEIRO DE D. FRANCISCO ANTONIO LAGO MELÓN.

3.- DAR CONTA DO ACORDO DA COMISIÓN DE GOBERNO REFERENTE Á MODIFICACIÓN DE HORARIO DE CELEBRACIÓN DAS SÚAS SESIÓNS ORDINARIAS.

**URBANISMO:**

4.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO REFERENTE Á FORMULACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL E ACORDOS COMPLEMENTARIOS.

5.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMTIVA DE URBANISMO RELATIVO Á MODIFICACIÓN SISTEMA DE ACTUACIÓN NOS SOLOS INDUSTRIAIS DE ESTACIÓN 1 E ESTACIÓN 2 DA PARROQUIA DE CEDEIRA.

6.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO REFERENTE A RATIFICACIÓN ESCRITO DE ALEGACIÓNS FORMULADAS POLO SR. ALCALDE Ó PLAN DE UTILIZACIÓN DOS ESPACIOS PORTUARIOS NA ZONA DE SERVICIOS DO PORTO DE VIGO NO TÉRMINO MUNICIPAL DE REDONDELA.

**SERVICIOS SOCIAIS:**

7.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL E XUVENTUDE REFERENTE Á APROBACIÓN PRÓRROGA CONVENIO CON LENDA.

8.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL E XUVENTUDE RELATIVO APROBACIÓN CONVENIO COA ASOCIACIÓN "ANDAINA".

**ECONOMÍA, FACENDA E DESENVOLVEMENTO LOCAL:**

9.- DAR CONTA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 3/01

10.- DAR CONTA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº4/01.

11.- DAR CONTA DA LIQUDIACIÓN DO ORZAMENTO DESTE CONCELLO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO DO ANO 2000.

PEL NUMERA
CORPORACIÓN
LOCAIS

PEL NUMERADO
CORPORACIÓNS
LOCAIS

Na Casa do Concello de Redondela, sendo as dezasete horas do **día trece de marzo do ano dous mil**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. XAIME REI BARREIRO, e a asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as: D. MANUEL JAVIER NÚÑEZ SALGADO, D. EMILIO GONZÁLEZ IGLESIAS, DONA. Mª DEL PILAR MARTÍNEZ GONZÁLEZ, DONA. Mª DEL CARMEN RODRÍGUEZ CUNHA, D. ALEJANDRO BASTOS FERNÁNDEZ, D. MANUEL IGLESIAS CARRERA, D. CARLOS GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Dª. Mª. DEL CARMEN RODRÍGUEZ RIVAS, D. MANUEL RAMÓN CONDE ROMERO, D. EMILIO SÁNCHEZ SANTORIO, Dª. AURORA ALONSO MONTEAGUDO, D. JOSE LUIS ALONSO BASTOS, D. MANUEL PUENTES SAAVEDRA, D. LUÍS MÍGUEZ BOULLOSA, D. PABLO REBANAL FERNÁNDEZ, D. XOSÉ CARLOS PAZOS DOCAMPO, DONA. CECILIA PÉREZ ORGE, D. XOSÉ LUÍS GRANDE GRANDE e DONA. ÁNXELES GONZÁLEZ GÓMEZ, actuando como Secretario D. JOSE RIEGO BOLUDA, que desempeña o cargo de Secretario Xeral acumulado deste Concello, constitúese o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

Asiste, asimesmo, o Sr. Interventor Municipal, D. Modesto Solla Sanz.

Incidencias: non asiste o Concelleiro D. FRANCISCO ANTONIO LAGO MELÓN e D. PABLO REBANAL FERNÁNDEZ incorporouse cando se trataba o asunto núm. 2 da orde do día.

A Presidencia declara aberta a sesión en primeira convocatoria, procedéndose a trata-los puntos da Orde do Día.

**1.-DAR CONTA CONTA DA TOMA DE POSESIÓN DE D. JOSÉ RIESGO BOLUDA COMO SECRETARIO XERAL ACUMULADO.**

Pola Presidencia dase conta de que con data 1 de marzo de 2001, tomou posesión do seu cargo, D. JOSÉ RIEGO BOLUDA, como Secretario acumulado deste Concello, en virtude de resolución do Excmo. Sr. Concelleiro da Presidencia de data 17 de febreiro de 2001, comunicada a este Concello en data 28 de febreiro, pola que se resolve autorizar a acumulación ó posto de traballo de Secretario deste Concello ó funcionairo de habilitación de carácter nacional D. José Riego Boluda, Secretario do Concello de Cangas ata a incorporación do titular D. LUÍS TORRADO VÁZQUEZ, en situación de incapacidade temporal.

**O Concello Pleno,** quedou enterado da toma de posesión do Sr. Secretario Acumulado deste Concello.

**2.-RENUNCIA Ó CARGO DE CONCELLEIRO DE D. FRANCISCO ANTONIO LAGO MELÓN.**

Pola Presidencia dase conta de escrito presentado en data 26 de febreiro de 2001, por D. FRANCISCO ANTONIO LAGO MELÓN, renunciando o seu cargo de

Concelleiro polo partido político do PP, renuncia que foi ratificada ante o Sr. Alcalde e o Sr. Secretario Delegado en data 2 de marzo de 2001.

**O Concello Pleno,** por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes acordou aceptar a renuncia do Concelleiro D. FRANCISCO ANTONIO LAGO MELÓN, como Concelleiro do PP no Concello de Redondela, e que se sigan os trámites necesarios ante a Xunta Electoral Central, conducentes a súa sustitución polo seguinte membro da lista electoral do PP como Concelleiro nas pasadas eleccións municipais.

**3.-DAR CONTA DO ACORDO DA COMISIÓN DE GOBERNO REFERENTE Á MODIFICACIÓN DE HORARIO DE CELEBRACIÓN DAS SÚAS SESIÓNS ORDINARIAS.**

Pola Presidencia dase conta do acordo da Comisión de Goberno de data 5 de marzo de 2001, que literalmente transcrita dí:

"Pola Presidencia dase conta da proposta da Alcaldía de data, 1 de marzo de 2001, que dí:

"A periocidade das sesións ordinarias da Comisión de Goberno está establecida do seguinte xeito:

O primeiro e terceiro luns de cada mes as 20,00 horas dende outubro a maio, ambos inclusive, de cada ano e as 20,30 horas os meses de xuño, xullo, agosto e setembro.

Considerando convinte modifica-la hora de celebración das indicadas sesións.

Visto o artigo 43 do Regulamento Orgánico desta Corporación, esta Alcaldía á Comisión de Goberno ten a ben propoñe-la adopción do seguinte acordo:

Modifica-la hora de celebración das sesións ordinarias da Comisión de Goberno, que queda establecida nas 14,00 horas dos indicados primeiro e terceiro luns de cada mes".

A Comisión de Goberno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes acordou prestarlle a súa aprobación á proposta antes transcrita."

**O Concello Pleno,** quedou enterado do acordo transcrito.

**4.-DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO REFERENTE Á FORMULACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL E ACORDOS COMPLEMENTARIOS.**

**ANTECEDENTES.-**

No expediente consta proposta do Presidente da Comisión Informativa de Urbanismo de data 6 de marzo de 2001, que literalmente, na súa parte dispositiva di:

PEL NUMERA
CORPORACIÓN
LOCAIS

PAPEL NUMERADO CORPORACIÓNS LOCAIS

"O Concello de Redondela dispón no momento actual dunhas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal (B.O.P. núm. 85 do 14 de abril de 1988), como documento de planeamento municipal. Documento claramente inadecuado á dinámica municipal e por outra banda obsoleto dende o punto de vista urbanistico, dada a lexislación urbanística conforme ó que foi redactado no seu día.

Si ben, iniciouse a redación da súa revisión como Plan Xeral de Ordenación Urbana, chegando o proceso ata a conclusión do trámite de exposición ó público do documento aprobado inicialmente, a data (1997) no que ésta se produce e distintas circunstancias desaconsellaron a conclusión do procedemento.

Circunstancias fundamentalmente de carácter xurídico xa que en marzo de 1997 producese a entrada en vigor da Lei do Solo de Galicia, e posteriormente a setencia do Tribunal Constitucional que anula a lexislación estatal en materia urbanística e a entrada en vigor da Lei 6/1998 sobre Réxime do Solo e Valoracións e polo tanto, a sustancial modificación do réxime urbanístico. Situación que provocou a inadecuación do documento en trámitación.

Por outra banda, o tempo transcorrido dende a iniciación da redacción do documento (1994), e a dinámica edificatoria dos últimos anos, a implementación de novos equipamentos, as variacións demográficas e a necesidade de definición do papel funcional de Redondela no seu entorno, provocan que as condicións urbanísticas variaran de forma radical tanto no solo urbano como, o que é mais importante, nos núcleos rurais, porte sustancial do solo ocupado pola edificación no municipio.

Como consecuencia do exposto no parágrafo anterior, a cartografía existente é totalmente inadecuada para a redacción do planeamento xa que a súa información de base quedou anticuada.

Nestas condicións é preciso acomete-la revisión do planeamento mediante a redacción dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal axustado nas súas determinacións ó réxime do Solo previsto na lexislación estatal e no seu contido e desenvolvemento ó previsto na Lei do Solo Galega, elaborando, previamente, as bases cartográficas precisas.

Considerando que, ante a insuficiencia de medios personais e materiais con que conta esta Administración para cubri-las necesidades que se trata de satisfacer, os devanditos traballos deben ser encargaos a facultativos alleos á Corporación mediante contrato de consultoria e asistencia e baixo a forma de concurso, por ser esta a forma normal de adxudicación destes contratos.

Téndose elaborado, ó efecto, o Prego de claúsulas administrativas particulares e os de prescripcións técnicas.

Esta Presidencia estima oportuno que a Comisión Informativa de urbanismo propoña ó Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos."

Con data 8 de marzo de 2001 a Comisión Informativa de Urbanismo dictaminou favorablemente a proposta efectuada propoñendose o Pleno de conformidade coa mesma, a adopción dos acordos que se indican na parte dispositiva deste.

**DELIBERACIÓN.-**

Sr. González Iglesias: Os tres grupos políticos municipais fixeron sua na Comisión Informativa de Urbanismo a proposta desta Presidencia.

**VOTACIÓN E ACORDO.-**

De conformidade co dictame da Comisión Informativa de Urbanismo, **O Concello Pleno,** por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistes acorda:

**Primeiro.-** Formula-lo Plan Xeral de Ordenación Municipal

**Segundo.-** Convocar concurso para adxudicar, mediante contrato de consultoría e asistencia, trámite ordinario e procedemento aberto, os traballos de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal e execución da cartografía do Concello de Redondela.

**Terceiro.-** Aproba-lo Prego de claúsulas administrativas particulares, o seu anexo e os Prego de prescripcións técnicas, que se incorporan como anexos I, II, III, IV e V, dispoñendo a súa exposición ó público, por prazo de oito días, nos correspondentes Diarios oficiais para que poidan presentarse reclamacións.

**Cuarto.-** Aprobar o expediente de contratación, aprobar o gastos, de carácter plurianual, por importe de 66.575.000 pesetas, equivalentes a 400, 123, 808494 euros, que se distribuirán nas anualidades e nas cuantías que se indican na base 4ª do Prego de claúsulas, e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación con arranxo ó prego de claúsulas administrativas particulares e ós de prescripcións técnicas, que se consideran parte integrante do contrato, fixando o tipo de licitación de 66.575.000 pesetas (400.123,808494 euros).

Simultaneamente, dentro do prazo de exposición dos pregos, anunciarase a licitación nos correspondentes Diarios oficiais, se ben se aprazará cando resulte necesario, no caso de que se formulen reclamacións contra os pregos.

## 5.-DICTAME DA COMISIÓN INFORMTIVA DE URBANISMO RELATIVO Á MODIFICACIÓN SISTEMA DE ACTUACIÓN NOS SOLOS INDUSTRIAIS DE ESTACIÓN 1 E ESTACIÓN 2 DA PARROQUIA DE CEDEIRA.

**ANTECEDENTES.-**

Con data de 6 de marzo do 2001 o Presidente da Comisión Informativa de Urbanismo formula proposta que literalmente, na súa parte expositiva di:

"O longo tempo transcorrido dende a entrada en vigor das Normas Subsidiarias de Planeamento de ámbito municipal de Redondela (BOP 14 de abril de 1988) e a demanda de solo industrial existente no municipio, esixe que alomenos se desenvolvan aqueles solos reservados para desenrolo industrial que, aunque teñen unha pequena dimensión, tiveron e teñen unha probada vocación para ese uso derivada da proximidade á EN-552 e á estación de ferrocarril, o que lles da un valor de localización moi elevado.

EL NUMERADO
ORPORACIÓNS
LOCAIS

Esta situación, xa observada e polo tanto recollida nos NN.SS. Permitiu desde antigo a consolidación dunha incipiente implantación industrial que co tempo se incrementou, dando lugar a situacións de provisionalidade os que hai que facer fronte.

As instalacións provisionais, sometidas a control municipal, deron lugar á aceptación por parte das empresas das cargas derivadas do planeamento e a petición do cambeo do sistema de actuación de compensación a cooperación para amior éxito da actuación.

Por elo proponse o cambeo de actuación, en ámbalas dúas zonas citadas (estación-1 e estación-2), do sistema de compensación a cooperación para posterior Redacción do correspondente Plan Parcial como consecuencia da asunción da iniciativa municipal e da necesidade de ordenar e urbanizar un solo que é necesario para o densenrolo económico municipal e que o Concello considera oportuno xestionar como elemento de incentivación ó desenvolvemento urbanístico do término municipal".

En sesión de data 8 de marzo a Comisión Informativa de Urbanismo dictaminou favorablemente a proposta efectuada propoñendo ó Pleno do Concello, de conformidade coa mesma, a adopcións do acordo que se indica na parte expositiva deste.

**VOTACIÓN E ACORDO.-**

De conformidade co dictame da Comisión Informativa de Urbanismo, **O Pleno do Concello,** por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes adopta o seguinte acordo:

**Primeiro:** Modificar o sistema de actuación, de compensación a cooperación, previsto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de ámbito municipal de Redondela para os solos industriais de Estación-1 e Estación-2 na Parroquia de Cedeira.

**6.-DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO REFERENTE A RATIFICACIÓN ESCRITO DE ALEGACIÓNS FORMULADAS POLO SR. ALCALDE Ó PLAN DE UTILIZACIÓN DOS ESPACIOS PORTUARIOS NA ZONA DE SERVICIOS DO PORTO DE VIGO NO TÉRMINO MUNICIPAL DE REDONDELA.**

**ANTECEDENTES.-**

Co fin de delimitar a zona de servicio necesaria para a execución das actividades portuarias, as destinadas a tarefas complementarias de aquelas e os espacios de reserva que garanticen a posibilidade de desenvolvemento da actividade portuaria, pola Autoriade Portuaria de Vigo se redactou o Plan de Utilización dos espacios Portuarios na zona de servicios do Porto de Vigo correspondente ó término municipal de Redondela e remitiuse a este Concello para ós efectos de emisión de informe.

Resultando que dito prazo remata en data 9 de marzo de 2001, polo Sr. Alcalde formularonse alegacións en escrito remitido á Autoridade Portuaria con data 7 dos presentes, rexistrado de saída co número 1041, que transcrito literalmente di:

"Visto o escrito remitido por vostedes con data 7 de febreiro de 2001 relativo o "asunto" arriba referenciado e examinado o proxecto do Plan de Utilización que acompañan, do que, en sintese, se desprende:

1.- Que se reduce en parte a actual Zona de Servicios, delimitada no Cuarto proxecto reformado da zona de servicio do Porto de Vigo, aprobado por O.M. de 25-IV-1992, no sentido de excluír da mesma a zona comprendida entre o punto 33 do deslinde e o punto 57, Punta Portela

2.- Que, en relación coa zonificación prevista no Convenio subscrito por este Concello e a "Junta del Puerto y Ría de Vigo" o 27.07.89, no Plan de Utilización que se somete a informe se modifican os usos dos seguintes tramos de costa:

a) O uso do tramo delimitado entre o punto 33 e Punta Sotelo (punto D), pasando de Industrial (Claúsula 2ª do Convenio) a Naútico Deportiva.

b) O uso do tramo delimitado entre o punto 55 e o 68, que de ser considerada como Praia (clausula 3ª do Convenio) pasa a zona de Reserva, posibilitándose así o desenrolo de actividades portuarias.

c) O uso do tramo delimitado entre o punto 50 e o 42, que era Industrial portuario (clausula 5ª do Convenio) e pasa a ser zona de Reserva.

d) O uso do tramo comprendido entre o punto 42 e o 11, que era zona de Reserva e protección sen utilización para fins industriais, de acordo co indicado na claúsula 6ª do Convenio, e pasa a ser zona de Reserva pero con posibilidades de implantación futura de calquera uso portuario.

e) O uso do tramo delimitado entre os puntos 11 e 44, clasificado como Praia na claúsula 7ª do convenio, pasa a ser zona de reserva coas posibilidades citadas.

f) O uso do tramo comprendido entre os puntos 41 ó 35, que estaba destinado a praia (Cubillón/Frioya) e agora pasa a clasificarse como Reserva.

g) Do punto 35 o punto "R" era zona portuaria recreativa (Claúsula 10ª do convenio) e agora clasifícase como de Reserva.

h) Do punto "R" ó punto "E", litoral do núcleo urbano central de Chapela, que según a clausula 11ª do Convenio era zona de usos urbanos e agora se clasifica como zona de Reserva.

3.- Que a actual clasificación como zona de RESERVA posibilitará o desenrolo da actividade portuaria nos tramos nos que se aplica, xa que aínda cando con esta clasificación non se fai adscripción actúal de ningún concreto uso, nin básico nin específico, permitirá que nun futuro sexa destinado a calquera dos usos, engadido o industrial ou o comercial, que se preven no Plan, motivo polo que non se considera garantida a protección das praias e do seu entorno, así como doutros espacios que esta Administración considera adecuado protexer do desenrolo portuario.

PEL NUMERADO
CORPORACIÓNS
LOCAIS

4.- Que, con respecto á vixente zonificación, mantense a exclusión das praias de Arealonga e de Rande pero, como se indicou no anterior apartado, non se exclúe da zona de servicio do porto de Vigo a praia de Cabanas, comprendida entre os puntos 11 e 44.

5.- Que é de transcental importancia asi mesmo o cambio que se pretende efectuar no tramo compendido entre os puntos "R" e "E", que na clausula 11ª do antedito Convenio se predestinaba a usos urbanos a definir polo Concello de Redondela, namentres que no novo Plan se clasifica como zona de Reserva, o que implica ó posible destino para usos non adecuados ó entorno urbano e residencial de esta zona de alta densidade poboacional.

Considerando a importancia do Plan de Usos, xa que suple a ausencia do Plan Especial do Porto e condicionará tanto as determinacións do Plan Xeral de Ordenación Municipal como as do propio Plan Especial de desenvolvemento do sistema xeral portuario, este Concello, estimando que é necesario o futuro desenrolo do Porto de Vigo, pero tendo en conta a súa vez que non pode desatender ós seus deberes urbanísticos en canto a conquerir unha adecuada ordenación deste término municipal, ten a obriga de velar porque os asentamentos industriais se localicen en aqueles lugares que non afecten negativamente ó desenrolo urbano.

En consecoencia co anterior entende que é menester acadar un concerto nas aspiracións de ambas partes co fin de armoniza-los interesese e competencias dos dous organismos, de modo que sin merma do necesario desenrolo da actividade portuaria non se menoscaben as competencias municipais en orde ó planeamento e a ordenación urbanística do seu teritorio nin se prexudique este tramo do litoral do término municipal de Redondela nin o seu entorno.

Partindo deste criterio de conquerir un entedemento con esta Autoridade Portuaria e de conxugar tódolos intereses en cuestión, efectúanse as seguintes ALEGACIÓNS ó Plan de Utilización dos espacios portuarios na Zona de Servicios do Porto de Vigo, correspondente ó término municipal de Redondela:

I) RESPECTO Á CLASIFICACIÓN DE USOS

1.- Dende a praia de Arealonga ata Frigoríficos Oya (punto 41 do Deslinde) deberá cambiarse o uso previsto, asignándose como uso básico o **COMPLEMENTARIO** e como uso específico **DOTACIONAL**.

2.- O tramo clasificado con uso Industrial Portuario, delimitado entre os puntos 41 e 44, deberá reducirse de modo que soamente chegue ata Punta Chapelisa, xa que a continuación existen pequenos arenais ou calas así como a praia de Cabanas, por elo deberá quedar clasificado todo o tramo, dede Punta Chapelisa ata a zona marcada no plano que se adxunta (correspondente ó fito 833 do Deslinde de Costas), como **PRAIA.**

3.- Dende o límite da praia de Cabanas ata ó lugar onde se atopan as ruinas do Castelo de Rande, ou da liña de proxección da ponte de Rande, deberá cambiarse o uso previsto, "RESERVA", asignándolle o uso básico de **COMPLEMENTARIO,** e como uso específico o **DOTACIONAL**, xa que por ser unha área de especial interese histórico, este Concello ten a pretensión de efectúar nela, no momento en que teña a súa disposición os terreos, unha actuación de mellora e adecuación do entorno para uso e disfrute público.

4.- Clasificar como industrial ó tramo comprendido entre os puntos 42 e 50, mantendo así a mesma clasificación que tiña según a clausula 5ª do Convenio subscrito o 27.07.89 entre o Concello e a Autoridade Portuaria.

5.- A continuación da praia de Rande hacia o leste, diante do núcleo de poboación da praia de Rande, outorgarlle o uso básico de **RESERVA,** excluíndoo da zona industrial.

6.- En canto ó tramo situado entre os puntos D e 33, clasificados no proxecto do Plan como zona naútico deportivo, substituir esta clasificación pola de **RESERVA,** pero coa especificación de que o 50 % do tramo será para uso COMPLEMENTARIO dotacional.

II) RESPECTO ÓS RECHEOS

No plano nº 4 do proxecto se oberva a traza para posible ampliacións de superficie e liña de atraque en varios tramos da costa, esta administración considera excesivos e inxustificados estes recheos, e concretamente no que afecta ó ámbito de AUCOSA, faise reiteración do indicado no informe remitido a ese organismo portuario o día 28 dos correntes, do que se achega copia.

Consideramos polo tanto que, a causa dos hipotéticos efectos prexudiciais que poden causar estes recheos e, de acordo co disposto no artigo 15.2 da Lei 27/1992, de 24 de novembro, de Portos do Estado e da Marina mercante, deberá xustificarse adecuadamente a necesidade e conveniencia de efectuar unhas ampliacións de tan vasta magnitude.

Sen prexuizo do indicado consideramos que:

a) Deben reducirse ó mínimo imprescindible para as actividades a implantar.

b) Debe efectuarse o oportuno estudio de impacto ambiental por técnicos cualificados, e

c) Deberá establecerse que estas actuacións de recheo para implantación de instalacións portuarias quedarán suxeitas a previo convenio urbanístico a susbscribir entre o interesado/concesionario e o Concello de Redondela.

III) RESPECTO ÓS ACCESOS

En canto ás comunicacións e accesos terrestres, como se indica no propia memoria do Plan, non existe unha comunicación directa entre as distintas superficies e concesións da zona de servicios ubicada neste término municipal, senón que cada unha das instalacións e concesións acceden directamente ou ben a unha vía de denso tráfico úrbano - a Avenida de Vigo- ou ben á estrada nacional 550 (caso de Vieira, David F. Grande ou cargadeiro de mineral)

Polo tanto se aprecia unha dobre problemática:

EL NUMERADO
RPORACIÓNS
LOCAIS

- Por un lado os accesos que serven de enlace entre as instalacións e os dous viais citados son insuficientes e inadecuados, tanto polo seu trazado como pola súa anchura e características, para soporta-lo tráfico pesado que se produce.

- Polo outro, as actuais conexións con estes viais principais non son aptas nin capaces para recibir e incorporar á circulación o tráfico de especiais características que xeneran estas instalacións e actividades portuarias.

É de reseñar neste aspecto, e concretamente no que afecta á EN-550, que debe ser tida en conta a normativa reguladora dos accesos ás estradas nacionais.

En consecuencia debe resolverse de forma adecuada ó acceso a estas instalacións que, sendo na actualidade insuficientes para o tráfico existente, sería de todo punto inaceptable para asumir o que se xenerará con novas implantacións de actividades na zona de servicio ou con ampliacións das existentes.

IV) RESPECTO Á PROTECCIÓN DA ZONA PANORÁMICA

Deberá terse en conta que a estrada nacional ten unha panorámica sobre a ría de grande interese paisaxístico, polo que será necesario prever que as instalacións e obras que se executen na costa non supoñan un detrimento deste valor paisaxístico e panorámico, polo que a súa altura non deberá rebasar a cota da estrada nacional.

V) NECESIDADE DE CONVENIO URBANÍSTICO

Como conclusión indicar que, co fin de dar solución ós problemas anteriormente plantexados, especialmente á cuestión dos recheos así como ó da construcción dos adecuados accesos que permitan o desenrolo integral da zona, e de plasmar nos futuros instrumentos de planeamento as determinacións precisas, consideramos que as actuacións que pretendan levar a cabo ós interesados ou os concesionarios desta franxa costeira, deberían de plasmarse previamente nun Convenio urbanístico a subscribir co Concello de Redondela".

Con data de 7 de marzo o Concelleiro D. Emilio González Iglesias, mediante escrito-proposta considera que a Comisión Informativa de Urbanismo debe propoñer ó Pleno a ratificación das alegacións realizadas pola Alcaldía, ainda entendente que a competencia para formular tales alegacións corresponde á Alcaldía en virtude da competencia residual que obstenta.

Con data de 8 de marzo a Comisión Informativa de Urbanismo dictaminou favorablemente, por unanimidade, a ratificación das alegacións formuladas pola Alcaldía.

**DELIBERACIÓN.-**

D.Emilio González Iglesias: os tres grupos municipais fixeron seu en Comisión o informe da Alcaldía.

Sr. Conde Romero: Sería convinte constituir unha Comisión de Seguimento das actuacións propostas e das que no seu caso vai a levar a cabo a Autoridade Portuaria,

sobre todo temos que estar moi pendientes dos posibles recheos que presumiblemente se van a realizar pola Autoridade Portuaria.

**VOTACIÓN E ACORDO.-**

**O Pleno do Concello,** de conformidade co dictame da Comisión Informativa de Urbanismo, por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes adoptou os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Ratificar as alegacións ó Plan de Utilización dos espacios portuarios na zona de servicio do porto de Vigo correspondente ó término municipal de Redondela, efectuadas pola Alcaldía en escrito de data 7 de marzo de 2001, rexistrado de saída co número 1041 e transcrita na parte expositiva deste acordo.

**Segundo.-** Remitir á Autoridade Portuaria o presente acordo.

**7.-DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL E XUVENTUDE REFERENTE Á APROBACIÓN PRÓRROGA CONVENIO CON LENDA.**

**ANTECEDENTES.-**

Vista a solicitude presentada por Dª. MARÍA LLANOS GARCÍA CASTELLANOS, na súa calidade de Secretaria da Asociación de Axuda ó Enfermo Psiquico LENDA, presentada no Rexistro Xeral deste Concello en data 9.01.01 para proceder á prorroga do convenio asinado en data 17.07.00., a Concelleira Delegada de Benestar Social e Xuventude efectúa, en data 19 de febreiro de 2001, proposta de acordo en sentido de acceder o solicitado baixo determinadas claúsulas.

Consta no expediente informe emitido polo Sr. Interventor municipal emitido en data 6.02.01, así como do Sr. Secretario Xeral do Concello emitido en data 25 de xaneiro de 2001.

**VOTACIÓN E ACORDO.-**

De conformidade coa proposta de Benestar Social e Xuventude, obrante no expediente, **O Pleno do Concello,** por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes adoptou os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Resolver os reparos formulados polo Sr. Interventor deste Concello no seu informe de data 6.02.01, Refª. T 13/01.

**Segundo.-** Prorrogar, o Convenio existente entre o Concello de Redondela e a Sociedade de Traballo Asociado LENDA de Axuda ó Enfermo Psíquico para o ano 2001; entendéndose prorrogado con efectos do día 01.01.01.

**Terceiro.-** O texto de Claúsulas comporase como seguidamente se transcribe:

EL NUMERADO
ORPORACIÓNS
LOCAIS

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O Concello de Redondela e a Asociación de Axuda ó Enfermo Psíquico LENDA comprométense ó desenvolvemento de actuacións dirixidas á integración sociolaboral do colectivo de persoas usuario/as do Centro Ocupacional.

SEGUNDA.- A colaboración do Concello concéntrase na aportación de 1.000.000 (un millón) de pesetas que serán destinadas ó pagamento da renda do contrato de arrendamento dos locais nos que se ubica o Centro Ocupacional LENDA:

TERCEIRA.- O Concello de Redondela a través do Departamento de Servicios sociais e previo informe da Traballadora Social poderá enviar usuarios/as ó Centro Ocupacional LENDA que cumpran os requisitos esixidos para a integración do devandito Centro, estableléndose unha reducción na cota a ingresar en relación á situación económica dos usuarios/as.

CUARTA.- LENDA comprométese a facer constar na publicidade realizada por calquera medio que as actividades e servicios implementados contan coa colaboración e apoio económico do Concello de Redondela.

QUINTA.- A vixencia desta prórroga do Convenio manterase durante o ano 2001, e concluirá o 31 de decembro do ano da data.

SEXTA.- O Concello de Redondela poderá durante a vixencia da prórroga do Convenio denunciar a mesma acordando a súa rescisión no caso de incumprimento do seu clausulado ou de que se estime que as actividades levadas a cabo carecen do interese social ou público necesario. A resolución de rescisión non dará lugar a indemnización algunha. LENDA poderá así mesmo denunciar a prórroga do Convenio no caso de seu incumprimento polo Concello.

SÉPTIMA.- A validez desta prórroga queda condicionada a súa ratificación polo Pleno do Concello e pola Presidenta da Asociación LENDA. Certificacións de tales acordos uniranse como Anexo a esta prórroga.

**8.-DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL E XUVENTUDE RELATIVO APROBACIÓN CONVENIO COA ASOCIACIÓN "ANDAINA".**

**ANTECEDENTES.-**

Vistas as instancias presentadas ó amparo da convocatoria de subvención da Concellalía de Benestar Social para o ano 2000, a Concelleira propuxo a formalización dun convenio coa asociación "Andaina" proposta que foi dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Benestar Social e Xuventude, na reunión de data 13 de maio de 2000.

Consta no expediente informes emitidos polo Sr. Interventor Municipal en data 5 de febreiro de 2001, Refª T10/01, polo Sr. Secretario Xeral en data 19 de xaneiro de 2001 e pola traballadora Social do Servicio municipal de Atención Primaria do Concello de Redondela en data 8 de xaneiro de 2001.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** De conformidade co dictame emitido, **O Pleno do Concello,** por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes adoptou os seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Resolver os reparos formulados polo Sr. Interventor no seu informe de data 5 de febreiro de 2001, Rfª T10/01.

**SEGUNDO.-** Asinar un Convenio coa Asociación "Andaina" da que é a súa Presidenta: Dª. Amelia Martín Alonso (DNI:36.008.111) con enderezo en Reveriano Soutullo, 59-2º, 36800.-Redondela, na sinatura do Convenio fixarase unha subvención de 400.000 pesetas.

**9.-DAR CONTA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 3/01**

Pola Presidencia dase conta do expediente administrativo de modificación de crédito 3/01 mediante xeración de crédito por importe de 790.111 pesetas.

**O Concello Pleno,** quedou enterado do contido do devandito expediente de modificación de crédito 3/01.

**10.-DAR CONTA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº4/01.**

Pola Presidencia dase conta do expediente administrativo de modificación de crédito 4/01 mediante transferencias de crédito por importe de 2.500.000 pesetas.

**O Concello Pleno,** quedou enterado do contido de devandito expediente de modificación de crédito 4/01.

**11.-DAR CONTA DA LIQUDIACIÓN DO ORZAMENTO DESTE CONCELLO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO DO ANO 2000.**

Dada conta pola Presidencia da liquidación do orzamento deste Concello correspondente ó exercicio económico do ano 2000.

**O Concello Pleno,** quedou enterado da devandita liquidación.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dase por rematada a presente sesión, sendo as dezasete horas e dez minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se extende a presente Acta, que se inscribiu no Libro dende a volta do folio noventa e tres do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A nº 1176001, ata a volta do folio noventa e nove, Serie A nº 1176007, de todo o que, como Secretario, DOU FE.

O ALCALDE

Asdo: Xaime Rei Barreiro

O SECRETARIO

Asdo: José Riesgo Boluda